



## Boletín Informativo

Consellería de Educación e  
Ordenación Universitaria

Edif. Admin. San Caetano s/n  
15781  
Santiago de Compostela

Correo: xsoie@edu.xunta.es

### PROGRAMAS DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA

O luns 4 de xuño de 2007 saíron publicadas en [www.edu.xunta.es/](http://www.edu.xunta.es/) axudasle as listaxes de admitidos e suplentes para a realización de actividades de inmersión lingüística no estranxeiro.

[Mais información](#)



### ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DE DESTINOS NO CORPO DE MESTRES

No [DOG Nº 104](#) do xoves 31 de maio sae publicada a Resolución do 24 de maio de 2007, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se publica a adxudicación definitiva de destinos do concurso de traslados entre funcionarios do corpo de mestres, convocado pola Orde do 20 de outubro de 2006

### PROBAS DE COÑECEMENTO DE LINGUA GALEGA E LINGUA CASTELÁ NAS OPOSICIÓNS

No [DOG nº 105](#) do venres 1 de xuño sae publicada a Resolución do 30 de maio de 2007, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se fan públicas as resolucións dos tribunais que vulgarán a proba de acreditación do coñecemento do castelán e a proba de acreditación do coñecemento da lingua galega nos procedementos selectivos de ingreso e acceso aos corpos de mestres, profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores de artes plásticas e deseño e profesores técnicos de formación profesional. Por estas resolucións anúnciase a data, a hora e o lugar en que se farán as ditas probas.

### ADMITIDOS E EXCLUÍDOS PARA O ACCESO AO CORPO DE MESTRES

No [DOG nº 105](#) do venres 1 de xuño sae publicada a Resolución do 28 de maio, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se fan públicas as listas provisorias de admitidos e excluídos do proceso selectivo para ingreso no corpo de mestres, así como a adquisición de novas especialidades.

#### Contido:

Programas de inmersión lingüística	1
Adxudicación definitiva de destino no corpo de mestres	1
Probas de coñecemento de lingua galega e lingua castelá nas oposicións	1
Admitidos e excluídos para o acceso ao copro de mestres	1
Admitidos e excluídos para o acceso ao corpo de profesores de ensino secundario	2
Bolsas para profesorado	2
Convocatoria de premios Selo Europeo 2007	2
Webquest de educación afectivo-sexual	2
Especial antitabaco no web Valora	2
Acceso a xornais en diferentes linguas	2

## ADMITIDOS E EXCLUIDOS PARA O ACCESO AO CORPO DE PROFESORES DE ENSINO SECUNDARIO

**Portal Galego de Contidos Educativos**  
<http://www.edu.xunta.es/contidos>



No [DOG nº 105](#) do venres 1 de maio de 2007, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se fai pública a lista provisional de admitidos e excluídos para participar

nos procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores de artes plásticas e deseño e profesores

técnicos de formación profesional e procedemento de adquisición de novas especialidades polos funcionarios dos anteditos corpos na Comunidade Autónoma de Galicia.

## BOLSAS PARA ACTUALIZACIÓN E INNOVACIÓN DOCENTE DO PROFESORADO DAS UNIVERSIDADES

**Plan Galego de Convivencia**  
<http://www.edu.xunta.es/convivencia>




No [DOG nº 105](#) do venres 1 de maio de 2007, pola que se resolve a convocatoria de bolsas para o fomen-

to da actualización e innovación docente e da converxencia no Espazo Europeo de Educación Superior para o profesorado de uni-

versidades do sistema universitario de Galicia.

## CONVOCATORIA DE PREMIOS SELO EUROPEO 2007

**Polo Monte. Plan piloto 2007**  
<http://www.edu.xunta.es/polomonte>



No [BOE nº 130](#) do xoves 21 de maio, o Ministerio de Educación, nunha iniciativa conxunta europea, convoca os premios SELO EUROPEO 2.007 co obxecto de distinguir e difundir as iniciativas e mellores prácticas no eido do ensino de linguas, tanto

a nivel local como nacional. Calquera tipo de centro, institución, organismo ou asociación que desenvolva iniciativas de aprendizaxe de calquera lingua (incluída a de signos) pode optar na **modalidade A**, a un dos seis premios en metálico ou un

diploma acreditativo. Na **modalidade B**, as institucións poden propor para o premio a candidatura dun profesor/a /formador/a que destaque na súa traxectoria profesional no ensino de linguas. O prazo de presentación remata o 30 de xuño

## WEBQUEST DE EDUCACIÓN AFECTIVO-SEXUAL

**Rede de Centros Bilingües**  
[http://www.edu.xunta.es/contidos/rede\\_linguas](http://www.edu.xunta.es/contidos/rede_linguas)



Concedidos os premios ás mellores webquest de educación afectivo-sexual ao abeiro da orde conxunta das consellerías de Sanidade e de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se convocaban pre-

mios para o profesorado que realizase webquest sobre educación afectivo-sexual para alumnado de educación infantil e primaria e de educación secundaria. Presentadas 19, premiáronse dúas en cada

categoría: a) educación infantil e primaria e b) educación secundaria. Pode verse a información completa no Portal Galego de Contidos Educativos.

[Máis información](#)

## ESPECIAL ANTITABACO NO WEB VALORA

A Organización Mundial da Saúde conmemora o día 31 de maio o Día Mundial Sen Tabaco. Con tal motivo, no portal *Valora* atópase un Especial antitabaco, onde

se pode ver información sobre as últimas investigacións acerca do dano que provoca o tabaquismo pasivo e activo, xunto con materia útil para empregar nas

clases, como unha unidade didáctica e anuncios televisivos non vistos antes en España.

[Web Valora](#)

## ACCESO A XORNAIS EN DIFERENTES LINGUAS

Acceso a xornais en diferentes linguas na sección XORNAIS do web de centros bilingües.

[www.edu.xunta.es/contidos/rede\\_linguas](http://www.edu.xunta.es/contidos/rede_linguas)